



Resolución do 25 de outubro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria, mediante tramitación anticipada de gasto, do procedemento de concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas. Anualidade 2025 (Código do procedemento IN418E)

A sensibilidade especial que para a cidadanía está a ter o uso racional das enerxías calou de forma importante no enfoque das administracións públicas, que unanimemente están a actuar neste campo, prestando o seu apoio ás iniciativas que sobre aforro e eficiencia enerxética ou enerxías renovables se están a desenvolver na actualidade.

O Instituto Enerxético de Galicia (Inega) constitúese en Axencia por Decreto 142/2016, do 22 de setembro, mantendo a súa adscrición á Consellería competente en materia de enerxía, conforme ao establecido na Lei 3/1999, do 11 de marzo, e entre cuxas funcións destacan, o impulso das iniciativas e programas de aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia. Igualmente contempla a participación na xestión e prestación de servizos noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias.

O Inega, para o desenvolvemento dos obxectivos anteriores, e coa finalidade de incentivar actuacións que contribúan a paliar a situación de altos prezos da enerxía, promove esta convocatoria de subvencións para a mellora do uso e contratación da enerxía por parte dos concellos e da poboación en xeral a través do fomento das comunidades enerxéticas e a planificación e asesoramento profesional que permita identificar posibilidades de adecuar de xeito óptimo as subministracións enerxéticas ao escenario actual.

Esta convocatoria de axudas financiarase con cargo aos orzamentos do Inega para o ano 2025 cun importe total asignado de 800.000 euros.

Como un dos órganos encargados de desenvolver a política enerxética da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, o Inega considera de máximo interese potenciar as actuacións de planificación enerxética das entidades locais e comunidades enerxéticas en Galicia.



Por todo o anterior, en virtude do disposto no artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 16 do Decreto 142/2016, de 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,

RESOLVO

Aprobar as bases reguladoras da concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas no ano 2025 e convocar a todos aqueles interesados en solicitálas en función do establecido nestas

BASES REGULADORAS

Artigo 1. Obxecto e normativa de aplicación

1. Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de subvencións para a planificación enerxética de entidades locais e comunidades enerxéticas dentro do territorio da comunidade autónoma de Galicia, que cumpran cos requisitos e condicións establecidos nelas (Código do procedemento: IN418E).

2. Convócanse para o ano 2025, en réxime de concorrencia non competitiva, segundo o disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións para a planificación enerxética. As solicitudes de axuda presentadas en prazo e cos requisitos establecidos nestas bases, tramitaranse e resolveranse por orde de entrada da solicitude no rexistro, do que se fará publicidade na aplicación informática que se utiliza na xestión das axudas.

Xustifícase a excepcionalidade porque nestes casos considerase que os fondos asignados á convocatoria serán suficientes para atender todas as solicitudes que poidan presentarse e ademais trátase de proxectos moi diferentes e polo tanto non se poden comparar entre si. Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que os proxectos subvencionables poidan ser atendidos nun prazo amplo.

3. As presentes axudas, no caso de beneficiarios con actividade económica, incardínanse no réxime de axudas de minimis, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do



13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L, do 15 de decembro. Ao estar este réxime de axudas suxeito ao réxime de minimis, deberase garantir que, no caso de axudas a empresas, de recibir o beneficiario outras axudas baixo o réxime de minimis non se supera o límite de 300.000 euros durante o período dos tres anos previos. Para o cómputo do límite deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2.2 do Regulamento (UE) nº 2023/2831.

Artigo 2. Proxectos subvencionables

1. Son proxectos subvencionables as actuacións que se detallan a continuación en función da tipoloxía de solicitante:

a) Planificación enerxética de entidades locais:

Contratación dos servizos xurídicos e/ou técnicos precisos para a mellora da planificación enerxética e contratación das subministracións enerxéticas das entidades locais. Como resultado debe obterse:

- Un Estudo Estratéxico para a subministración enerxética da entidade local no que se contemple a promoción do aforro enerxético.
- Publicación no perfil do órgano de contratación, cando legalmente proceda, dun proceso de contratación centralizada de subministración enerxética, que aglutine cando menos aos concellos agrupados na solicitude ou representados pola entidade local.

No caso de entidades locais que non sexan concellos a actuación será subvencionable en canto os servizos de planificación enerxética se dirixan aos concellos que represente a entidade local e contén co acordo do concello para a solicitude da axuda.

No caso de concellos sen agrupar só poderán acceder á axuda se os pregos publicados permiten a adhesión ao contrato doutros concellos ou entidades públicas. Os concellos teñen que participar con alo menos unha das súas subministración nos pregos que se elaboren conxuntamente e posteriormente se publiquen, ou perderán o dereito o cobramento da axuda.

b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas constituídas ou en fase de constitución:



Contratación dos servizos de asistencia técnica e/ou xurídica precisos para a definición das infraestruturas enerxéticas necesarias e a definición, elaboración ou ampliación dos estatutos que rexen ou rexerán a operativa e xestión da Comunidade Enerxética a partires da súa constitución. Co obxecto de contribuír a sostibilidade da comunidade enerxética esta deberá dispor dun estudo de viabilidade económica na que se avalíen cando menos os investimentos a realizar, a financiación destes, os custos operativos e os ingresos previstos nun horizonte temporal mínimo de 10 anos. Serán subvencionables os custos do estudo de viabilidade económica e tamén os custos de actuacións de difusión para a captación de socios.

Como resultado debe obterse:

- No seu caso, estatutos e acta de constitución da CE.
- Anteproxecto das infraestruturas enerxéticas previstas.
- Estudo de viabilidade económica da Comunidade Enerxética.
- Cando proceda, memoria descritiva das actuacións de difusión.

2. Os solicitantes poden escoller libremente as empresas que os asesoren. O Inega elaborará unha “Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas” que publicará na páxina web www.inega.gal. A listaxe confeccionarase sobre a base dunha declaración responsable de dispor de medios humanos e materiais para a realización do traballo de planificación.

Para solicitar a inclusión na citada listaxe debe remitirse ao Inega, a través da aplicación electrónica accesible desde a páxina web, o Anexo IV da presente resolución en calquera momento desde a publicación da presente resolución e antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes de axuda. A “Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética ás entidades locais e comunidades enerxéticas” ten a finalidade de facilitar o contacto entre solicitantes e provedores, en ningún caso debe entenderse como garantía do Inega da calidade dos traballos resultantes, cuxa responsabilidade corresponde ás partes.

Artigo 3. Condicións dos proxectos

1. Serán subvencionables os gastos e investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 30 de setembro de 2025, dentro do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. O investimento mínimo para que as actuacións sexan subvencionables debe ser de 5.000 euros por solicitude, sen incluír o IVE.
3. Cada solicitante poderá presentar unha única solicitude. No caso da liña de comunidades enerxéticas, este requisito se entenderá aplicado á comunidade enerxética e non aos seus integrantes, de tal xeito que unha mesma persoa pode participar en diferentes comunidades enerxéticas. No caso da liña de concellos, un concello só pode solicitar unha axuda, xa sexa de forma directa ou delegando noutra entidade local de ámbito supramunicipal.

Artigo 4. Financiamento

1. As subvencións que se concedan financiaranse con cargo aos orzamentos do Inega para o exercicio 2025. O orzamento por partida orzamentaria redistribuirase tendo en conta as solicitudes rexistradas conforme o establecido no artigo 31 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia entre as seguintes partidas: 09.A3.733A.760.3, 09.A3.733A.770.4 e 09.A3.733A.781.8.

O crédito máximo segundo a tipoloxía de actuación será o seguinte:

Distribución por liña de axuda	Orzamento (€)
Planificación enerxética de entidades locais	400.000,00
Planificación enerxética de comunidades enerxéticas	400.000,00
TOTAL	800.000,00

O crédito máximo recollido na táboa anterior poderá ser redistribuído se nalgún dos epígrafes non se rexistran solicitudes suficientes para esgotar os fondos dispoñibles, e noutro dos epígrafes existe listaxe de espera.

2. Non se poderán outorgar subvencións por contía superior á que se determine na presente convocatoria.

O importe dos fondos previstos entenderase máximo, se ben cabería a posibilidade de ampliar o crédito como consecuencia da existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada



dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, se fora o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Isto podería dar lugar á concesión de máis subvencións de acordo coa orde de prelación de solicitantes que resulte da aplicación dos criterios fixados nestas bases que rexen a convocatoria.

3. De producirse a ampliación de crédito publicarase no *DOG* e na páxina web do Inega (www.inega.gal), sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo para resolver.

4. A presente convocatoria tramitarase polo procedemento anticipado de gasto. O outorgamento das subvencións queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución de concesión.

Artigo 5. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios das subvencións, sen prexuízo de reunir os demais requisitos establecidos nestas bases, as seguintes persoas en función do tipo de actuación:

a) Planificación enerxética de entidades locais: as entidades que integran a Administración local conforme ó artigo 3 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local ou as agrupacións das entidades anteriores con base nun acordo marco no que se especifique en que porcentaxe participa cada unha e se estableza unha persoa única a efectos de notificación.

b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas: comunidades enerxéticas xa constituídas e con residencia ou establecemento en Galicia, sen prexuízo de que poidan presentar solicitudes de axuda previas á constitución da comunidade enerxética segundo o procedemento descrito nos seguintes artigos.

Artigo 6. Persoas e entidades excluídas destas axudas

1. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas ou entidades en que concorra algunha das circunstancias previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderán ter a condición de persoas beneficiarias as empresas en que concorra algunha das causas de exclusión previstas no artigo 1 do Regulamento (UE) nº 2831/2023 da Comisión,



de 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias as empresas suxeitas a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión que tivera declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.

Artigo 7. Investimentos subvencionables

1. Os proxectos que non cumpran cos requisitos técnicos mínimos recollidos no artigo 2 destas bases reguladoras non serán subvencionables.

2. Considéranse custos subvencionables os custos de asesoramento xurídico e/ou técnico necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas no artigo 2 das bases reguladoras.

3. Non se consideran custos subvencionables:

- a) Os gastos de legalización.
- b) O imposto sobre o valor engadido (IVE).
- c) Os gastos que se realicen en pagamento de licenzas, gastos sometidos a aranceis, adquisición de bens de segunda man e os recollidos con tal carácter no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- d) Non serán subvencionables as operacións de mantemento.

4. Con carácter xeral, e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

Artigo 8. Contía da axuda

1. A intensidade de axuda en función do tipo de actuación será a que se determina a continuación:

- a) Planificación enerxética de entidades locais: a intensidade de axuda dependerá dos concellos que aporten subministracións enerxéticas ao contrato centralizado segundo o establecido na seguinte táboa:



Agrupación de entidades locais	Intensidade da axuda
Sen agrupar	30 %
De 2 a 5 concellos	50 %
6 ou mais concellos	70 %

No caso de concellos cunha poboación inferior a 5.000 habitantes incrementarase a intensidade de axuda un 20 %. Incrementarase un 10 % adicional a concellos fusionados.

No caso de concellos sen agrupar só poderán acceder a axuda se os pregos publicados permiten a adhesión ao contrato doutros concellos ou entidades públicas.

No caso de entidades locais que non sexan concellos, a intensidade de axuda se calculará en función dos concellos aos que represente.

b) Planificación enerxética de comunidades enerxéticas: a intensidade da axuda será do 80 % do custe elixible da actuación.

2. Con carácter xeral, establécese unha axuda máxima de 15.000 € por concello ou comunidade enerxética. No caso de acordo marco entre varios concellos a axuda máxima aplicarase individualmente a cada concello da agrupación. No caso de entidades locais que representen a varios concellos aplicarase unha axuda máxima de 15.000 € por cada concello que represente a entidade local e que aporte subministracións enerxéticas da súa titularidade ao contrato centralizado cun máximo de 150.000 € por expediente.

3. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor do mercado.

Artigo 9. Forma e prazo de presentación das solicitudes

1. As solicitudes (anexo I) subscribiranse directamente polos interesados ou por persoa que acredite a súa representación por calquera medio válido en dereito.

No caso de comunidades enerxéticas sen constituír, a solicitude presentarase polo representante da agrupación de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado,



que aínda carecendo de personalidade xurídica, poida levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atope na situación que motiva a concesión da subvención, sobre a base dun acordo marco de colaboración entre os seus integrantes.

2. O prazo de presentación das solicitudes comezará o sétimo (7º) día natural seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, ás 9.00 horas e rematará o 15 de abril de 2025, as 23.59 horas. Se o final do prazo coincide en día inhábil, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

3. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega. Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

A publicación dos formularios da solicitude no DOG faise unicamente a efectos informativos.

4. Para formular a solicitude e que esta sexa válida, ademais de encher o correspondente formulario cos datos de identificación do solicitante e xerais da actuación (Anexo I de solicitude), deberase achegar a través da aplicación, a seguinte documentación mínima:

- Documento que acredite a representación con que se actúa.
- No caso de entidades locais supramunicipais, certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases.
- No caso de solicitudes de comunidades de enerxía documento que acredite a súa constitución.
- Cando se trate dunha agrupación acordo adoptado pola maioría legalmente establecida aceptando as bases da convocatoria e facultando a unha persoa para formular a solicitude de subvención. Deberán constar as persoas integrantes da agrupación e os compromisos de execución asumidos por cada unha delas.
- Memoria técnica do proxecto segundo o modelo dispoñible na web do Inega (www.inega.gal) na que se describa a tipoloxía de subministracións enerxéticas sobre



as que se actuará, e unha estimación do número de subministracións e volume de enerxía previsto.

5. As solicitudes que non contén co contido mínimo indicado anteriormente serán inadmitidas a trámite.

6. Os fondos solicitados e os validados polo Inega poderán visualizarse en todo momento a través da aplicación informática. Unha vez presentada unha solicitude, a aplicación informática descontará dos fondos dispoñibles a contía de axuda correspondente ao expediente. Polo tanto, a axuda máxima a conceder ao expediente estará limitada pola axuda indicada na solicitude inicial.

De chegarse a esgotar os fondos dispoñibles, as seguintes solicitudes presentadas incluíranse nunha lista de espera; no momento da presentación, a aplicación informática informará da posición que ocupa a solicitude na lista de espera. As inadmisións, desistencias, denegacións, renuncias e minoracións de solicitudes con fondos asignados liberarán fondos que poderán ser reasignados aos expedientes que se atopen en lista de espera segundo a orde de prelación que lle corresponda.

7. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Artigo 10. Documentación Complementaria

1. A documentación complementaria da solicitude deberá incluír unha parte administrativa e unha parte técnica. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación obrigatoria:

a) Documentación administrativa:

i. Cando o investimento sen IVE da actuación sexa inferior a 15.000 €, o beneficiario deberá achegar unha oferta que avale o orzamento do proxecto.

O solicitante da axuda debe ter solicitado tres ofertas, cando o investimento sen IVE da actuación que se subvenciona supoña un gasto para o beneficiario igual ou superior a 15.000 €.

Neste último caso, o beneficiario deberá solicitar e achegar ao Inega como mínimo o contido de 3 ofertas de distintos provedores; non se aceptará como válido o certificado, informe ou documento similar no que se indique que se cumpriu co dito trámite de solicitar as 3 ofertas, pois o que debe achegarse é copia do contido de cada unha das ofertas.

A elección dunha das ofertas fundamentarase sempre en criterios de aforro. Ademais, será necesario achegar como xustificación unha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa, que terá que incluír unha comparación das especificacións técnicas dos elementos ofertados e o motivo da elección.

Non será necesario presentar as 3 ofertas se polas especiais características dos gastos que se subvencionan non existe no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, debendo o beneficiario neste suposto prestar declaración expresa motivada en tal sentido.

As ofertas deberán conter, como mínimo, os datos identificativos do emisor e do destinatario (razón social, enderezo, e número ou código de identificación fiscal), a data de emisión do documento, o importe por concepto (especificando se inclúe ou non IVE) e a descrición técnica dos elementos ofertados.

No caso de licitacións públicas, poderase presentar un certificado do interventor no que figure o importe de licitación, e que a presentación das ofertas se traslada á fase de xustificación da actuación.

No caso de comunidades enerxéticas en fase de constitución, as ofertas deberán presentarse pola agrupación en fase de constitución.

ii. As entidades locais, ademais da documentación sinalada no apartado anterior, deberán achegar:

1º Documento que acredite a representación con que se actúa.

2º. No caso de entidades locais supramunicipais, certificado do acordo adoptado polo órgano competente polo que se aproba solicitar a axuda regulada nestas bases.

3º Os concellos deben achegar certificación de que se remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas. Nesta certificación deberá



quedar acreditado que a remisión das contas se efectuou antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes.

iii. As comunidades de enerxías, xunto coa solicitude presentarán a documentación prevista no apartado i) deste artigo e ademais deberán achegar:

1º Documento que acredite a representación con que se actúa.

2º Documento que acredite a súa constitución.

iv. Cando se trate dunha agrupación xunto coa solicitude deberán achegar:

1º Documento que acredite a representación con que se actúa.

2º Documento que acredite a súa constitución (acordo marco, estatutos, etc).

b) Documentación técnica :

i. Memoria técnica do proxecto segundo modelo “Memoria técnica Planificación Enerxética” dispoñible na web do Inega (www.inega.gal).

ii. Calquera outra documentación adicional que o interesado considere conveniente achegar para a correcta avaliación da actuación.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recabados electrónicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentación separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superasen os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola aplicación do Inega, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no número anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na aplicación do Inega.

Artigo 11. Comprobación de datos

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados en poder da Administración actuante ou elaborados polas Administracións públicas agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) Certificacións de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias ca AEAT.
- b) Certificado de estar ao día no pagamento ca Seguridade Social.
- c) Certificado de estar ao día no pagamento ca Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.
- d) NIF da entidade solicitante.
- e) NIF da entidade representante.
- f) DNI/NIE da persoa representante.
- g) Inhabilitación para obter subvencións e axudas.
- h) Concesión de subvencións e axudas.
- i) Concesións pola regra de minimis.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o esixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 12. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitude

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar, tras a presentación da solicitude, deberán ser realizados electronicamente a través da aplicación informática habilitada para estas axudas, accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

Artigo 13. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

Artigo 14. Publicidade

1. O Inega publicará as subvencións concedidas ó amparo destas bases na súa páxina web oficial (www.inega.gal) e no Diario Oficial de Galicia expresando a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas. Inclúirá igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude levará implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade. A publicidade no Diario Oficial de Galicia

realizárase no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no Diario Oficial de Galicia, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web do Inega.

2. En cumprimento do artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto da convocatoria e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS). A BDNS dará traslado ao Diario Oficial de Galicia do extracto da convocatoria para a súa publicación de acordo co establecido no Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas.

Artigo 15. Compatibilidade das subvencións

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que non se supere o 100% do investimento subvencionable ou, se é o caso, o límite máximo establecido na normativa que resulte de aplicación.

2. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión nos termos previstos no artigo 21 destas bases reguladoras.

Artigo 16. Órganos competentes

A Xerencia do Inega será o órgano competente para a instrución do procedemento administrativo de concesión das subvencións, e correspondéndolle a persoa titular da Dirección do Inega ditar as diferentes resolucións que se deriven de dito procedemento.

Artigo 17. Instrución do procedemento de concesión das axudas

1. A solicitude de axuda con reserva de fondos será avaliada polos servizos do órgano instructor do Inega en función dos datos relativos ao solicitante e a actuación declarados na solicitude de axuda e na documentación complementaria presentada.

De ser o caso, tamén poderán ser avaliadas as solicitudes de axudas que figuren nos postos de máis prelación da lista de espera, sen que tal avaliación supoña garantía de que os expedientes se cheguen a subvencionar ata que, eventualmente, recaia resolución expresa de concesión de axuda.

Se a solicitude non reúne algunha da documentación ou información previstas nas bases, requirirase ao interesado para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa advertencia expresa de que, se así non o fixese, teráselle por desistido na súa petición e archivarase o expediente. Isto, cando non se trate da documentación que ten carácter de mínimos e que aparece recollida con tal carácter no artigo 9.4 destas bases reguladoras, en cuxo caso se non se achega, a solicitude inadmitirase sen máis a trámite.

Igual requirimento efectuarase no suposto de resultado negativo da consulta efectuada á Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesouraría Xeral da Seguridade Social (TXSS), consellería competente en materia de facenda, Rexistro Mercantil e outros rexistros públicos.

2. O órgano instrutor comprobará que a solicitude reúne todos os requisitos e que se achegan todos os documentos esixidos polas bases reguladoras. Aqueles expedientes que non cumpran coas esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, serán obxecto de resolución de inadmisión a trámite ou de denegación, dependendo das circunstancias que concorran en cada caso.

3. Poderá requirirse ao solicitante para que achegue aqueles datos, documentos complementarios ou aclaracións que resulten necesarios na tramitación e resolución do procedemento.

4. Tras o informe dos servizos técnico e xurídico, se existe algún elemento de controversia, un comité de avaliación formado pola persoa titular do Departamento de Enerxía, a persoa titular da Área de Aforro e Eficiencia Enerxética e un técnico do Inega verificarán que o que se achegou é conforme ás bases.

Artigo 18. Resolución

1. O procedemento de concesión axustarase ao disposto no artigo 34 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da persoa ou persoas beneficiaria/s, o custo elixible, a contía da subvención e o carácter de minimis da subvención facendo referencia ao Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis.

Na resolución denegatoria da axuda farase constar o motivo da denegación.

3. No suposto de ampliación do crédito e ata o límite do crédito dispoñible, concederase, sen necesidade dunha nova convocatoria, a subvención ao solicitante ou solicitantes seguintes na orde da lista de espera a que se fai referencia no artigo 9.6 das Bases reguladoras.

4. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de tres (3) meses, contados desde a data de presentación da solicitude ou no seu caso da súa emenda.

Se transcorrese o prazo sen que recaese resolución expresa os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5. Cando se trate de solicitudes de axuda para planificación enerxética de comunidades enerxéticas non constituídas, o órgano instructor, antes de ditar resolución de concesión, formulará unha proposta provisional.

Neste caso os membros da agrupación deberán constituír a comunidade de enerxía que vai a recibir a axuda e notificarlo ó Inega antes da finalización do prazo de xustificación da axuda.

En particular, sen prexuízo de achegar a documentación xustificativa do pagamento indicada no artigo 27, deberá presentar a través da aplicación do Inega accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega os estatutos e a acta de constitución da Comunidade Enerxética.



As comunidades de enerxía constituídas serán nas que recaerá a resolución definitiva de concesión.

Artigo 19. Notificación

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

Para utilizar os servizos de Notifica.gal deberá dispoñer de un usuario e clave no servizo Chave365 ou dun certificado de persoa física ou xurídica asociado ó NIF da persoa destinataria e comprobar que o seu navegador e sistema operativo cumpren os requisitos técnicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. Os interesados poderán consultar na aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) e na carpeta cidadá – A miña Sede o estado das súas solicitudes a medida que avanza a tramitación administrativa do expediente e a documentación presentada.

Artigo 20. Réxime de recursos

Contra as resolucións ditadas ao abeiro destas bases poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso de alzada no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta fora expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica se produzan os efectos do silencio administrativo, perante a persoa titular da Presidencia da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Contra as resolucións de reintegro, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da notificación da resolución se esta fora expresa, ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica se produzan os efectos do silencio administrativo, perante a persoa titular da Dirección da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 21. Modificación da resolución

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión. A persoa beneficiaria deberá achegar toda a documentación que se vexa modificada en relación coa validada ao ditar a resolución de



concesión, de forma que a nova documentación achegada será validada polo órgano instructor co obxecto de verificar co cumprimento do establecido nas presentes bases reguladoras.

2. Cando por circunstancias técnicas sexa imprescindible variar o contido específico dos investimentos recollidos no proxecto inicial, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria, debendo cumprirse os requisitos previstos no apartado seguinte.

3. O órgano competente para a concesión da subvención poderá autorizar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria respectando os seguintes requisitos:

- a) Que a modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.
- b) Que se acredite a inexistencia de prexuízos a terceiros.
- c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda.

4. As modificacións de proxectos que non se comuniquen con anterioridade á xustificación do investimento, ou aquelas que de xeito previo non aporten a documentación necesaria para a súa valoración, tramitaranse conxuntamente coa documentación xustificativa do investimento, utilizando o requirimento de emenda de xustificación para completar o expediente. Poderán formalizarse a aceptación da modificación do proxecto e a xustificación deste mediante a Resolución de pagamento sempre e cando a modificación do proxecto respecte os requisitos establecidos no apartado 3 deste artigo e se achegue toda a documentación da solicitude modificada.

5. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación do proxecto, que poderá ou non afectar aos termos da resolución de concesión, será ditado polo director do Inega logo da instrución do correspondente expediente no cal se lle dará audiencia aos interesados.

Artigo 22. Obrigas dos beneficiarios

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo das demais obrigas que figuran no artigo 11 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:



1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
2. Xustificar ante o Inega o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou goce da subvención.
3. Dispoñer da capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se concede a axuda.
4. Someterse ás actuacións de comprobación que se efectuasen polo Inega, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, as comprobacións e verificacións a realizar polo Organismo Intermedio, a Autoridade de Xestión e a Autoridade de Control, e no seu caso, polos órganos de Control da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e outras instancias de control, achegando tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
5. Comunicar ao Inega a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e sempre con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
6. Manter o investimento de que se trate para a finalidade e co carácter solicitado por un período mínimo de 2 anos unha vez rematado o proxecto.
7. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de tres anos.
8. En cumprimento do artigo 15.3 da Lei de 9/2007, de subvencións de Galicia, no caso de promoción ou difusión pública que as persoas beneficiarias realicen da actuación subvencionada por calquera soporte, deberán constar o cofinanciamento con fondos da Xunta de Galicia a través do Instituto Enerxético de Galicia, que se efectuará incorporando de forma visible o símbolo e logotipo da Xunta de Galicia e do Inega.

9. En relación á publicidade do financiamento, o beneficiario deberá durante a realización do proxecto, e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento ou emprego, informar ao público do apoio obtido da Xunta de Galicia a través do Inega, facendo unha breve descrición no seu sitio de internet, no caso de que dispoña de un, da operación, de maneira proporcional ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro do Inega.

10. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 23. Subcontratación

Permitirase que o beneficiario subcontrate con terceiros a execución de ata o 100% da actuación que se subvenciona nos termos recollidos no artigo 27 e concordantes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 24 . Renuncia

No caso de que o beneficiario dunha subvención desexe renunciar á axuda concedida para a súa solicitude, deberá presentar o anexo III por medios electrónicos, a través da aplicación informática, comunicando este feito co fin de proceder ao arquivo do expediente.

No caso de que se comunicase a renuncia, ditarase a correspondente resolución que se notificará o interesado por medios electrónicos, de conformidade co procedemento establecido no artigo 19.2 destas bases reguladoras.

Artigo 25. Prazo para a execución da actuación

A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 30 de setembro de 2025.

Artigo 26. Xustificación da subvención

1. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentarase de forma electrónica a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) ou da páxina web do Inega (www.inega.gal).

2. Tal e como dispón o artigo 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, cando o órgano administrativo competente para a comprobación das subvencións aprecie a existencia de defectos emendables nas xustificacións presentadas polos beneficiarios, porao no seu coñecemento e concederalle un prazo de dez (10) días para a súa corrección. Os requirimentos de emenda serán notificados tal e como se establece no artigo 19 destas bases reguladoras.

Igual requirimento se efectuará por parte do Inega no suposto de resultado negativo da consulta cos seguintes organismos: Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT), Tesourería Xeral da Seguridade Social e Consellería de Facenda e Administración Pública, así como a verificación do DNI do solicitante (persoa física).

3. No suposto de que transcorrese o prazo establecido para a xustificación sen terse presentado documentación algunha, requirirase igualmente ao beneficiario para que no prazo improrrogable de dez (10) días hábiles a presente.

A presentación da xustificación no prazo adicional de dez (10) días non eximirá das sancións que conforme a Lei correspondan.

Artigo 27. Documentación xustificativa da subvención

1. Para o cobramento da subvención concedida o beneficiario deberá xustificar previamente o investimento que lle supuxo executar o proxecto ou actuación subvencionada. Todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, na data límite de xustificación do proxecto.

2. Para o cobramento da subvención concedida, o beneficiario deberá presentar, toda a documentación que se sinala neste artigo e solicitará o pago mediante a presentación do anexo II, que se adxunta a título informativo. Este anexo deberá cumprimentarse a través da aplicación informática accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, ou ben desde a páxina web do Inega (<http://www.inega.gal>).

3. Documentación xustificativa que se ten que presentar xunto coa solicitude de pago:

a) Conta xustificativa composta de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa pagados, en orixinal ou copias auténticas electrónicas. Os gastos aparecerán desagregados por conceptos ou unidades de obra.

No suposto de que o xustificante de pagamento inclúa varias facturas, deberase anexar unha relación de elas, asinada polo representante legal.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

A expedición das facturas e o seu contido axustarase ao disposto no Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non se admitirán supostos de autofacturación (facturas emitidas polo propio beneficiario da subvención).

Os provedores non poderán estar vinculados co organismo solicitante ou coa empresa beneficiaria final, ou cos seus órganos directivos ou xestores.

Considéranse documentos xustificativos do pagamento das facturas os seguintes:

1º Xustificante bancario (transferencia bancaria, certificación bancaria, xustificante bancario de ingreso efectivo polo portelo), no que conste: o titular da conta dende a que se realiza a operación ou persoa que realiza o ingreso efectivo, que debe coincidir en todo caso coa persoa beneficiaria da subvención ou no caso de comunidades enerxéticas sen constituír no momento de presentación da solicitude, co representante legal da agrupación, receptor do pagamento (empresa ou autónomo) e número da factura obxecto de pagamento.

2º Efectos mercantís que permitan o pago aprazado (cheque, obriga de pagamento, letra de cambio): achegarse copia do efecto mercantil acompañada da documentación bancaria (extracto

da conta da persoa beneficiaria, documento bancario acreditativo do pago do efecto, etc.) na que conste claramente que o efecto foi efectivamente cargado na conta da persoa beneficiaria dentro do prazo de xustificación.

No caso de que non quede acreditado o concepto do gasto, deberá achegar, ademais, xustificante de recepción asinado e selado polo provedor no que se especifique o número de factura pagada, número e data do cheque e NIF e nome da persoa receptora do cobro.

Tanto no caso do cheque nominativo como de obriga de pagamento, a efectos de data de pago, estimarase a data de cargo na conta do extracto bancario. En ningún caso se estimará como data de pagamento efectivo a entrega do cheque ó provedor.

3º Non se admitirán en ningún caso como xustificante os documentos acreditativos de pagamentos en metálico, nin os obtidos a través da Internet se non están validados pola entidade bancaria ou se non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

A data dos xustificantes de gasto e do pagamento, para a súa validez e admisión, estará comprendida entre o 1 de xaneiro e o último día do prazo de xustificación previsto no artigo 25 das bases reguladoras.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas nos supostos recollidos nas alíneas a), b), e c) do artigo 27.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso dunha factura cuxo pago se xustifique mediante varios documentos de pago, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pago.

b) Declaración expresa por parte da persoa beneficiaria de que o proxecto foi executado conforme ao indicado na solicitude e na documentación inicial ou indicando os cambios acontecidos, que a actuación se axusta á normativa vixente e se obtiveron todos os permisos e autorizacións necesarias para a súa execución. Na páxina web do Inega (www.inega.gal) estará dispoñible o modelo de declaración ao que se refire este apartado.

De existir modificacións no proxecto deberase indicar no informe técnico da actuación realizada e achegar a documentación técnica presentada coa solicitude que se vexa afectada polas modificacións.



c) Cando o proxecto sexa da liña Planificación enerxética de concellos como resultado do traballo debe entregarse copia dixital do Estudo Estratéxico para a subministración enerxética da entidade local no que se contemple a promoción do aforro enerxético e xustificarse a publicación no perfil do contratante, cando proceda legalmente, dos pregos de contratación centralizada da subministración eléctrica (e optativamente a de outros produtos enerxéticos) no que participen todos ou parte das entidades locais/concellos agrupados na solicitude e que permita a adhesión de outros concellos ou entidades municipais. Os concellos que non participen na publicación dos pregos con alo menos parte das súas subministracións perderán o dereito ao cobramento da axuda. No caso de axudas concedidas a entidades locais supramunicipais minorarase a axuda asociada a concellos que finalmente non participen con algunha subministración no contrato centralizado.

d) Cando o proxecto sexa da liña Planificación enerxética a comunidades enerxéticas deben achegar a documentación técnica dos traballos técnicos e/ou xurídicos desenvolvidos. En concreto, debe entregarse:

- i. Estatutos e acta de constitución da CE se se trata de novas CE ou modificacións das existentes.
- ii. Anteproxecto das infraestruturas enerxéticas previstas.
- iii. Estudo de viabilidade económica da Comunidade Enerxética.
- iv. Memoria descritiva, incluíndo imaxes, das actuacións de difusión cando se pida subvención por este concepto.

e) Fotografías xustificativas do cumprimento da obriga de publicidade.

Artigo 28. Pagamento das axudas

1. Os órganos competentes do Inega poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. Transcorrido o prazo concedido para o efecto sen que o beneficiario os presentase, poderase entender que renuncia á subvención.

2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente do proxecto, a contía da subvención poderá reducirse proporcionalmente se debido á redución do investimento se superan as porcentaxes máximas de subvención.

Artigo 29. Perda do dereito á subvención e reintegro das axudas

1. Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas Bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar ó reintegro total ou parcial da subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobro da subvención e para facer efectiva a devolución á que se refire o apartado anterior, será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento dos proxectos:

a) Incumprimento total. Se o beneficiario xustifica conceptos, partidas e/ou elementos subvencionables aprobados que representen menos do 50 % do importe total do investimento subvencionable, se entenderá que non acadou os obxectivos propostos na solicitude e, polo tanto, perderá o dereito de cobramento da subvención.

b) Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, e a xustificación sexa igual ou superior ao 50%, poderá apreciarse un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión.

No caso de condicións referentes á contía ou concepto da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a un concepto distinto do considerado subvencionable, debendo se é o caso reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Artigo 30. Réxime de sancións

As persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases aplicaráselles o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 31. Fiscalización e control

As persoas beneficiarias destas subvencións someteranse ás actuacións de control que realice o Inega para o seguimento dos proxectos aprobados e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, así como ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, á autoridade de xestión e aos servizos financeiro da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 32. Comprobación de subvencións

1. O órgano competente para conceder a subvención comprobará a axeitada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o disfrute da subvención.
2. Para todo o non previsto no punto anterior, será aplicable o disposto no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, e nos artigos 57 e seguintes do seu regulamento.

Artigo 33. Remisión normativa

1. As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras rexeranse, entre outras, polas seguintes normas:
 - a. Regulamento (UE) n.º 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE 2831, do 15 de decembro de 2023).
 - b. Regulamento (UE) n.º 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).
2. Así mesmo, rexeranse pola normativa aplicable ás axudas e subvencións na Comunidade Autónoma, en particular as seguinte:
 - a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - b) Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de



xuño, de subvencións de Galicia.

c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

d) Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

f) Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, do 26 de febreiro de 2014.

g) Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

h) Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024

O director do Instituto Enerxético de Galicia

Pablo Fernández Vila

Anexos

Anexo I: Formulario de solicitude de axuda

Anexo II: Solicitude de pagamento

Anexo III: Renuncia

Anexo IV: Solicitude de inclusión na “Listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de planificación enerxética de entidades locais e Comunidade Enerxéticas”